



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE CURTIS, PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO, DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co concello de Curtis o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata a finalización do campo de traballo e da extinción das obrigas previstas no mesmo.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Curtis para a organización do campo de traballo “*Estudo da biodiversidade dos ríos*” de temática medioambiental, que se desenvolverá dende o 10 ata o 21 do mes de xullo, no concello de Curtis, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude.

II. Que o Concello de Curtis, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.





III.- Que ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.

IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que reverteren directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo, tarefas que teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito deveña como exclusivo para a consecución de determinados fins.

O concello de Curtis conta con numerosos ríos e regatos que percorren o seu territorio, sendo os principais o río Mandeo, o río Deo e o Mendo, recursos fluviais que supoñen unha gran riqueza natural para o entorno e que neste momento precisan de actuacións específicas de cara á protección das especies de flora e fauna que habita nas súas beiras, con actuacións como a erradicación de especies invasoras, previa identificación e localización.

Ante esta necesidade, xorde o campo de traballo “Estudo da biodiversidade dos ríos”, como medio para paliar os efectos da contaminación e o avance das especies invasoras e, ao mesmo tempo, acadar unha maior concienciación entre a xente moza da necesidade da protección ao medio ambiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00



En atención ao exposto, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Cecilia Vázquez Suárez

